

## ÚNICAS

**XOVES 30 XANEIRO 2025**

Auditorio de Galicia, 20.30 h

**ORQUESTRA SINFÓNICA DE GALICIA**

**CHLOÉ VAN SOETERSTÈDE**, directora

**NADÈGE ROCHAT**, violonchelo

**PRE-CONCERTO ALUMNADO CAEO DA EAEM**

Sala Mozart, 19.30 h

Erika García (clarinete), Roi Guzmán (trompa), Esteban García (fagot), Pedro Budiño (violín), Xiana Baliñas (viola), Thomas Piel (violonchelo), Irene Sancho (contrabaixo) e a profesora Ildiko Oltai interpretan o Septimino de L.V. Beethoven

# PROGRAMA

**FANNY MENDELSSOHN**  
**(1805-1847)**

Abertura en Do

**ANNA CLYNE (1980)**

Dance for Cello and Orchestra

*...when you're broken up*

*...if you've torn the bandage off*

*...in the middle of fighting*

*...in your blood*

*...when you're perfectly free*

**LUDWIG VAN BEETHOVEN**  
**(1770-1827)**

Sinfonía núm. 8 en Fa maior, op. 93

*Allegro vivace [e] con brio*

*Allegretto scherzando*

*Tempo di menuetto*

*Allegro vivace*

# REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

TEMPORADA 2024 - 2025

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Baldur Brönnimann é, desde 2023, o seu director titular e artístico e Sebastian Zinca o seu director asistente. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo.

A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

## DIRECTORA

Chloé  
Van Soeterstède

## VIOLONCHELO

Nadège Rochat

## VIOLÍNS I

James Dalghren,  
concertino  
Anca Smeu,  
axuda de concertino  
Ildiko Oltai \*\*  
Ilya Fisher  
Victoria Jurov  
Michal Ryczel  
Anna Alexandrova  
Yulia Petrushevskaya

## VIOLÍNS II

Grigori Nedobora \*  
Nikolay Velikov \*\*  
Kiyoko Ohashi  
Irina Gruia  
Gyula Vadaszi  
Elina Viksne  
Samira Ajkic  
Enrique Roca

## VIOLAS

Natalia Madison \*  
Ionela Ciobotaru \*\*  
Oxana Bakulina  
Timur Sadykov  
Iriana Fernández  
Anne Schlossmacher  
Nacho Marino

## VIOLONCELLOS

Barbara Switalska \*  
Millán Abeledo \*\*  
Carlos García  
Thomas Piel  
Fabio Arias

## CONTRABAIXOS

Carlos Méndez \*  
Alfonso Morán \*\*  
Amador Del Pozo

## FRAUTAS

Laurent Blaiteau \*  
Luis Soto \*\*  
Belén Aragunde \*\*\*

## ÓBOES

Esther Viúdez\*  
Francisco Ruiz \*\*\*

## CLARINETES

Vicente López \*  
Daniel Veiga (R)

## FAGOTES

Juan Carlos Otero \*  
Manuel Veiga \*\*

## TROMPAS

Alfredo Varela \*  
Xavier Ramón \*\*  
Jordi Ortega  
Roi Guzmán \*\*\*

## TROMPETAS

Javier Simó \*  
Ramón Llátser \*\*

## TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)

## TUBA

Cesar Núñez (R)

## TIMBAL

José Vicente Faus

## PERCUSIÓN

Isabel Diego (R)  
Juan Antonio Vázquez (R)

# CHLOÉ VAN SOETERSTÈDE

## DIRECTOR

Chloé Van Soeterstède está a atraer a atención de orquestras de todo o mundo pola súa interpretación intuitiva, sensible e expresiva e pola súa presenza imponente e positiva no podio. Recibe eloxios polo seu coidado no detalle, a súa enerxía e entusiasmo, e a súa eficiencia nos ensaios. Está a forxar excelentes relacións con orquestras de todo o mundo e en nesta tempada convértese na principal directora invitada da Orquestra Sinfónica de Bournemouth.

Entre os compromisos máis destacados do momento de Van Soeterstède inclúense o regreso coas Sinfónicas de Norrköping e Gävle, en Suecia, Orquestra de Cámara Nórdica e debuts con varias orquestras de toda Europa, incluídas a Orquestra do Ulster, a Sinfónica da Radio Noruega, a Real Filharmonía de Galicia ou a Orquestra Sinfónica de Vancouver, entre outras. Como principal directora invitada da Orquestra Sinfónica de Bournemouth, diríxea en dous programas de

repertorio clásico e romántico cos solistas Alena Baeva e Pavel Kolesnikov.

Nas últimas tempadas, Van Soeterstède dirixiu no Reino Unido, Francia, España e Suecia, a orquestras como a BBC Scottish Symphony, a London Philharmonic, a Royal Northern Sinfonia, a Orquestra Nacional de Montpellier, a Orquestra Nacional de Lille, a Orquestra Sinfónica de Castilla y León e a Orquestra Sinfónica de RTVE (Madrid). En 2023 debutou con grande éxito en Australia e Nova Zelandia coa Sinfónica de Melbourne, a Sinfónica de Adelaida e a Filharmonía de Auckland. Entre os solistas cos que está a traballar destacan Sergey Khachatryan, Colin Currie, Alena Baeva, Kian Soltani, Jess Gillam, Javier Peraines, Peter Moore e Tobias Feldmann.

Van Soeterstède dirixe un amplo repertorio que abarca desde Farrenc, Mayer, Beethoven e Mendelssohn ata Sibelius, Ravel, Prokófiev e Rachmaninov. En 2019, dirixiu a estrea mundial de *Syrian Voices* de Benjamin

Attahir en Francia e en 2024, estreou en Nova York o *Concerto para trombón* de Dani Howard con Peter Moore e a Orchestra NOW no Jazz Lincoln Center. Programa regularmente obras de compositores contemporáneos como Anna Clyne, Roxanna Panufnik, Annamaria Kowalsky, Katarine Leyman e Anna Meredith. No Deutscher Dirigentenpreis de 2019 en Colonia recibiu o Premio Bärenreiter á mellor interpretación dunha obra contemporánea, así como o Terceiro Premio xeral.

En 2012 fundou a Arch Sinfonia, unha orquestra de cámara con sede en Londres, eloxiada pola súa enerxía vibrante e ilimitada, o seu amplo repertorio e as súas iniciativas para tender pontes entre os artistas e o público. A Van Soeterstède tamén lle encanta traballar con músicos emerxentes e, como tal, colabora regularmente con escolas de música especializadas e conservatorios de todo o Reino Unido.

Van Soeterstède naceu en 1988 en Francia. Despois de estudar viola en París e logo na Royal Academy of Music, estudou dirección no Royal Northern College of Music (2015-2017) con Clark Rundell e Mark Heron, onde recibiu a bolsa Kennedy e o apoio da Derek Hill Foundation. Foi bolseira do programa Taki Alsop Fellow nomeada por Marin Alsop entre 2019 e 2021 e tamén da Dudamel Fellows coa Filharmónica de Los Ángeles na tempada 21/22. En 2023, foi galardoada como membro asociado do Royal Northern College of Music.

# NADÈGE ROCHAT

## VIOLONCHELO

Nadège Rochat é unha violonchelista destacada dentro da nova xeración de intérpretes. O seu interese musical non só abarca o repertorio clásico, senón que tamén se estende a compositores esquecidos, músicas do mundo e obras contemporáneas.

Ofreceu concertos en prestixiosos escenarios como a Tonhalle de Zúric, o Musikverein de Viena, a Konzerthaus de Berlín, o Carnegie Hall de Nova York, a Beethoven Haus de Bonn, o KKL de Lucerna e o Victoria Hall de Xenebra. Como solista, traballou con importantes orquestras, entre elas a Royal Scottish National Orchestra, a BBC Concert Orchestra, a Staatskapelle Weimar baixo a dirección de Luis Gómez, a Orquestra Filarmónica de Dortmund baixo a batuta de Jac van Steen, a Orquestra da Radio do Norte de Alemaña (NDR) dirixida por Christopher Altstaedt, e a Orquestra Sinfónica de Bochum baixo a dirección de Gabriel Bebeslea. Ademais, participou en prestixiosos festivais como o Menuhin Festival Gstaad, o Mecklenburg-Vorpommern Festival e o MDR Musiksommer.

En colaboración co guitarrista Rafael Aguirre, interpreta arranxos propios de diversas obras, que poden escoitarse no seu CD *La Vida Breve*. O seu último traballo discográfico (novembro de 2021), gravado coa RSNO baixo a dirección de B. Levi, inclúe os concertos para violonchelo de A. Dvořák e A. Caplet, e recibiu eloxios da crítica.

De ascendencia franco-suíza, Nadège Rochat naceu en Xenebra nunha familia de músicos. Estudou con Maria Kliegel en Colonia e participou en clases maxistras con Heinrich Schiff e Anner Bylisma. Posteriormente, continuou a súa formación en Londres, na Royal Academy of Music, onde foi alumna de Robert Cohen e completou o seu mestrado con máximas honras. Actualmente, imparte clases de violonchelo nesta mesma institución.

Compositores contemporáneos como Lorenzo Palomo, Gilles Colliard, Raffaella Bellafrente, Lara Poe e Kareem Roustom compuxeron obras especialmente para ela.

Toca o violonchelo *Ex-Vaticano* de Amati (datado arredor de 1620), cedido por unha fundación.

# NOTAS AO PROGRAMA ÚNICAS

*Únicas* é o título deste novo concerto de temporada da Real Filharmonía, no que a orquestra propón un completo e variado programa conformado polas obras de Fanny Mendelssohn, Anne Clyne e L. v. Beethoven.

En primeiro lugar, escoitaremos a *Abertura en Do* de Fanny Mendelssohn (1805-1847), brillante compositora e pianista romántica, que viu eclipsado o seu talento polos prexuízos e impedimentos sociais da época que lle tocou vivir. Fanny naceu no seo dunha familia rica ligada ao sector da banca e dende moi pequena, ao igual que o seu irmán, o tamén compositor Félix Mendelssohn co que tiña unha estreita relación, recibiu unha coidada formación musical e humanística que incluía o estudo de varios idiomas. Porén, cando cumpriu catorce anos viu truncadas as súas expectativas musicais, a diferenza do seu irmán, quen si recibiu o apoio da familia para des-puntar como compositor. A faceta musical das mulleres naquela sociedade burguesa reducíase á esfera privada e o seu pai díxolle que tal vez a música chegara a ser a

profesión de Félix, mentres que para ela só podía e debía ser un adorno, nunca a raíz do seu ser e do seu facer.

O seu catálogo abrangue arredor de 460 pezas e destaca sobre todo o repertorio para piano de carácter virtuoso e uns 250 *lieder*, aínda que tamén compuxo tríos e cuartetos con piano, e cantatas. Algunhas das súas obras déronse a coñecer co nome do irmán para poder tocarse en público, porén aos 40 anos decidiu empezar a publicar en papel e subverteu o que dela se esperaba. Desgraciadamente, trala súa morte en 1841 caeu no esquecemento ata que a súa figura comezou a recuperarse coa introdución da perspectiva de xénero nos estudos musicolóxicos nos anos 70 e 80 do pasado século e as súas partituras non foron accesibles ata o ano 2000.

A *Abertura en Do* é a única obra para orquestra que compuxo, xa que a maioría do seu catálogo, como sinalamos anteriormente, está dedicado á voz e ao piano. Estreouse o 15 de xuño de 1834 no marco dos *Sonntagsmusiken*

(Música dominical) que ela programaba dende 1831 na súa casa de Berlín. Cada domingo, Fanny organizaba no seu salón –recordemos a relevancia do salón burgués como marco musical– interesantes concertos interpretados por bos músicos aos que asistían ata 300 persoas e artistas moi recoñecidos como Clara Schumann ou Franz Liszt. A abertura durante o romanticismo convértese nun xénero orquestral independente, mentres que en épocas pretéritas simplemente era o movemento de apertura dunha obra maior como unha ópera, ballet ou suite. Neste caso presenta unha orquestra e estrutura bastante clásicas, destacando especialmente as melodías brillantes e unhas combinacións instrumentais moi evocadoras típicas do seu estilo. A abertura iníciase cunha sección lenta, na que corda e vento establecen un diálogo que se alonga ata que un solo de frauta serve de ponte para o *Allegro* que empeza con rápidas escalas e que responde a unha forma sonata: exposición-desenvolvemento-recapitulación. Nas seccións extremas atopamos, como é habitual, dous temas: o primeiro, A, ten un marcado carácter rítmico e despois dunha distendida transición, aparece o segundo, B, moito máis lírico nos violíns aos que logo se suma a frauta. Esta abertura non se publicou en

vida da autora e foi o traballo da editora Joann Falleta, quen reconstruíu a partitura despois dun intenso traballo de revisión, o que permitiu que se gravara e estreara en 1992, e que hoxe en día forme parte do repertorio habitual das orquestras arredor do mundo.

A continuación, a Real Filharmonía e Nadège Rochat interpretarán *Dance for Cello and Orchestra* de Anne Clyne, compositora e violonchelista nada en 1980 en Londres e afincada en Nova York. Clyne foi nomeada a 8.ª compositora contemporánea máis interpretada do mundo e a autora británica viva máis tocada. O seu estilo está moi influído por diversas disciplinas como a danza, a pintura, o cine e a poesía, e colabora habitualmente con artistas visuais e coreógrafos. En 2015 foi finalista nos Grammy “á mellor composición clásica contemporánea” e ao seguinte ano ganou o Premio Hindemith. Actualmente é compositora asociada coa Filharmónica de Helsinki e traballou con outras importantes orquestras como as sinfónicas de Chicago e Baltimore ou a Orquestra de Cámara Escocesa. Algunhas das súas composicións máis destacadas son: *Within Her Arms* para conxunto de cordas e *Masquerade* e *The Midnight Hour* para orquestra.



*Dance for Cello and Orchestra* é un concerto para violonchelo solista e orquestra composto en 2019 para a violonchelista israelí-estadounidense Inbal Segev, quen estreou a obra o 3 de agosto de 2019 no Auditorio de Santa Cruz (California), no marco do Cabrillo Festival of Contemporary Music. Anne Clyne dedicou a obra ao seu pai, o tamén compositor Leslie Clyne (“dedicado con moito amor ao meu pai, Leslie Clyne”). Está estruturado en 5 movementos que se corresponden cos 5 versos dun poema do poeta persa do século XIII Yalal ad-Din Muhammad Rumi: *Dance, when you're broken open / Dance, if you've torn the bandage off / Dance in the middle of the fighting / Dance in your blood / Dance, when you're perfectly free*. O primeiro movemento *Dance when you're broken open* (Baila cando esteas rota) é unha especie de lamento inquietante do violonchelo solista sobre un *ostinato* sereno da orquestra, mentres que o segundo *Dance if you've torn the bandage off* (Baila se te arranchaches a venda) ten un carácter feroz e anguloso. Seguidamente, *Dance in the middle of the fighting* (Baila no medio da loita), moito máis íntimo e contemplativo, homenaxea a técnica barroca de composición de variacións sobre un baixo repetitivo. No cuarto, *Dance in your*

*blood* (Baila no teu sangue) a orquestra repite as liñas do violonchelo solista creándose capas de son en canon que semellan bucles contrapuntísticos moi típicos da música electrónica. No último movemento, *Dance when you're perfectly free* (Baila cando sexas perfectamente libre) retómanse temas dos anteriores. O concerto remata cunha melodía lúgubre e emotiva que recorda a herdanza xudía do pai da compositora.

Pecha o programa a *Sinfonía núm. 8 en Fa Maior, op. 93* de L. v. Beethoven, un dos compositores máis presentes nesta temporada da orquestra. Beethoven foi un prometedor pianista e compositor, aínda que abandonou a faceta de intérprete pola xordeira. A súa carreira artística reflicte os cambios acaecidos arredor de 1800 e converteuse no primeiro músico que se gañou a vida exclusivamente coa composición, aínda que contou coa axuda de importantes patrocinadores como o príncipe Lobkowitz, o príncipe Kinsky e o arquiduque Rudolph. Naceu en Bonn, ao norte de Alemaña, en 1770 no seo dunha familia de tradición musical (o seu pai e avó eran músicos na corte de Colonia). En 1787 trasladouse a Viena, onde é probable que coñecera a Mozart e uns anos despois, en 1792 comeza a estudar contrapunto

con Haydn. Foi un fiel defensor das ideas da Ilustración e idolatrou os principios da Revolución Francesa (especialmente a igualdade) e a Napoleón, quen o decepcionou enormemente cando se proclamou emperador. A súa figura supón un claro exemplo de inconformismo, tanto na súa traxectoria vital como no seu estilo musical. Morreu aos 56 anos, en 1827, e ao seu enterro acudiron máis de 10.000 persoas.

Existe un intenso debate musicolóxico á hora de adscribir a obra do autor a un estilo concreto, posto que se inicia no Clasicismo pero tamén se considera impulsor do Romanticismo. Tradicionalmente adoita dividirse a súa traxectoria en tres períodos, marcados non só por cambios estilísticos, senón tamén por algunhas das súas crises persoais motivadas polos inicios e avances da xordeira que o terminaría illando. A sinfonía que hoxe escoitamos pertence ao período intermedio no que comeza a súa transición cara a un novo estilo, ao igual que a maioría das demais sinfonías (dende a 3 á 8), o *Concerto para violín*, o *Concerto núm. 5 para piano "Emperador"* ou a súa única ópera *Fidelio*. Aínda que parte da tradición clásica de Haydn e Mozart, as formas esténdense e flexibilízanse e os temas reelabóranse con outros pro-

cedementos. O seu método de composición era lento e consérvanse abundantes cadernos onde se detecta como escribía e traballaba con esbozos dos temas que logo conformarían as súas obras.

A *Sinfonía núm. 8 en Fa Maior, op. 93* foi composta no verán de 1812, que Beethoven pasou na cidade balneario de Teplitz (Bohemia). O manuscrito ten a data de outubro de 1812 e é coetánea da *Sinfonía núm. 7 en La Maior, op. 92*. Foi dada a coñecer en Viena no Redutensaal o 27 de febreiro de 1814 e a súa acollida foi moderadamente entusiasta. Moitos criticaron que non estaba á altura da sétima, que tivo máis éxito e referíronse a ela como "pequena sinfonía". Beethoven, co seu forte carácter –Goethe dicía del que era indómito e desagradable–, sinalou entón que iso era mostra de que era boa. A diferenza doutros traballos, o compositor non dedicou esta obra a ninguén. Contrasta a alegría que transmite o conxunto da sinfonía co momento vital complexo que o xenio estaba atravesando (á súa xordeira, sumábanse problemas familiares e a imposibilidade de establecer unha relación coa súa célebre "amada inmortal" Josephine Brunsvik, aristócrata que non podía estar con el por pertencer a distintas clases sociais). A sinfonía estrutúrase en catro

movimentos. O primeiro, *Allegro vivace con brio*, ten unha forma sonata (exposición-desenvolvemento-recapitulación) e nel escoitaremos 3 temas distintos, en lugar dos dous que eran habituais, nas seccións primeira e terceira desta estrutura. O segundo, *Allegretto scherzando*, destaca polo seu carácter rítmico, e trátase dunha homenaxe ao creador do metrónomo Maelzel (a melodía que conforma o tema principal procede do canon “ta, ta, ta” que lle dedicaron a este inventor). A continuación, *Tempo di menuetto* segue o esquema clásico *Menuetto-trío-menuetto* típico de Haydn e Mozart e que Beethoven substituíra por un *Scherzo* nas sinfonías anteriores. Na sección do trío destaca o papel das dúas trompas e o clarinete sobre un acompañamento constante nos violonchelos. Finalmente, o *Allegro vivace*, igual que o primeiro, presenta de novo unha forma sonata.

*Únicas* reúne, polo tanto, un conxunto de persoas e obras extraordinarias e singulares: Fanny Mendelssohn, quen subverteu o que algúns esperaban dela nunha época escura para as mulleres e escribiu obras como a que hoxe escoitamos, e que supón o seu único achegamento ao repertorio para orquestra; un concerto para violonchelo que foxe da forma tradicional do xénero e achégase á

danza e á poesía; e Beethoven, un xenio tamén único e inconformista cunha sinfonía bastante particular dentro do seu catálogo. Un concerto onde a pegada feminina é notable: dúas das tres compositoras son mulleres e a solista e directora tamén, algo que aínda parece seguir sendo unha particularidade a pesar dos avances realizados nas últimas décadas.

**Carme Tubío Barreira**

**REAL  
FILHARMÓNIA  
DE GALICIA**



### AUDITORIO DE GALICIA

Avenida do Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela

### DESPACHO DE BILLETES

AUDITORIO 981 571 026  
ZONA C 981 542 462

### OFICINAS

981 552 290

[rfgalicia.org](http://rfgalicia.org)  
[compostelacultura.gal](http://compostelacultura.gal)

### INSTAGRAM

@realfilharmoniadegalicia  
@compostelacultura

### FACEBOOK

RealFilharmoniadeGalicia  
CompostelaCultura

### TWITTER

@CCultura

### TIKTOK

@realfilharmoniadegalicia

## PRÓXIMO CONCERTO MARIANNE E MADDALENA

### XOVES 13 FEBREIRO

Auditorio de Galicia, 20.30 h

#### Amandine Beyer, directora e violín

- Marianne von Martinez: Sinfonía en Do maior
- Maddalena Lombardini: Concerto para violín núm. 3 en La maior, op. 3
- František Xaver Richter: Sinfonía con fuga en Sol menor, op. 7

#### PRE-CONCERTO ALUMNADO CAEO DA EAEM

Sala Mozart, 19:30 h

- G. Torelli: Sinfonía en Re M para trompeta, corda e continuo,
- E. F. Dall'Abaco: Concerto para óboe 5 en Do M
- G. P. Telemann: Concerto para trompa en Re M
- A. Vivaldi: Concerto para frauta travesera
- A. Vivaldi: Segundo movemento do Concerto en Do M RV 556 (Largo e cantabile)

Belén Aragunde Canabal (fauta), Francisco Javier Ruiz Rivas (óboe), Erika García (clarinete), Roi Guzmán (trompa), Óscar Rial Salgueiro (trompeta), Jorge Denis Sanromán (percusión), Yiran Niu e Pedro Budiño Pinaque (violín), Xiana Baliñas e Inés Fernando (viola), Esther Fernández González (violonchelo), Irene Sancho (contrabaixo)

#### Amandine Beyer, directora

